

MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 6

DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA LARACHA PARA A RECUALIFICACIÓN DE DÚAS PARCELAS DOTACIONAIS



DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO
SOLICITUDE DE INICIO DO PROCESO DE AVALIACIÓN
AMBIENTAL SIMPLIFICADA

A LARACHA, ABRIL DE 2017

1.- INTRODUCCIÓN:	3
2.- OBOECTIVOS DA PLANIFICACIÓN	3
3.- ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL E ANÁLISE DE ALTERNATIVAS	4
3.1. ALCANCE E CONTIDO	4
3.2. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS	4
4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN.	5
5.-CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO AMBIENTE ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN NO ÁMBITO TERRITORIAL AFECTADO.	6
6.- EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES	7
7. EFECTOS SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCURRENTES.	7
8.- MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVENIR, REDUCIR OU CORRIXIR EFECTOS NEGATIVOS DA APLICACIÓN DO PLAN	8
9.- MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA	8
10.-MEDIDAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN	9

1.- INTRODUCCIÓN

O presente Documento constitúe o *documento ambiental estratéxico* da modificación puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha

Redáctase en base ao disposto no artigo 29 da *Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental*, como documento ambiental que acompaña á *solicitud de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada*.

2.- OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN

O presente Plan constitúe unha modificación puntual de planeamento xeral municipal.

Trátase da Modificación Puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Laracha, que ten como obxectivo modificar a cualificación urbanística de dúas parcelas dotacionais situadas no ámbito de desenvolvemento urbanístico AR-C1, no núcleo urbano de Caión. O Plan Xeral estableceu para unha das parcelas a cualificación de sistema local de equipamento privado de uso administrativo e á outra a cualificación de sistema xeral de equipamento público de uso sanitario. Dado que a parcela dotacional de titularidade privada foi cedida ao Concello da Laracha con posterioridade á aprobación da equidistribución da área AR-C1, resulta necesario agora proceder á integración das dúas parcelas nunha única cualificación de sistema xeral de equipamento público, co obxectivo de que o Concello poida actuar sobre a totalidade do solo dotacional baixo un mesmo proxecto de edificación que abrangue as dúas antigas parcelas.



Situación. Fonte:IGN

3.- ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL E ANÁLISE DE ALTERNATIVAS.

3.1. ALCANCE E CONTIDO

A Modificación Puntual ten lugar sobre un cuarteirón formado por dúas parcelas lindeiras situadas no casco urbano de Caión, dentro da área de reparto de solo urbano non consolidado AR-C1 “Campo da Ínsua”.

Abrangue unha superficie de 420 m² repartidos en dúas parcelas con referencias catastrais [1865905NH3916N](#) e [865904NH3916N](#).


O contido da modificación abrangue o concepto de cualificación urbanística do solo, entendida como a asignación dun uso específico mediante a consideración de sistema xeral de titularidade pública e, polo tanto, adscrito ao patrimonio municipal do solo.

3.2. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS

Alternativa 0

A alternativa 0 supón a non execución do Plan. Neste caso a ordenación establecida no planeamento xeral impide que o Concello poda incorporar ao patrimonio municipal do solo a dotación con cualificación de equipamento privado e impide polo tanto, actuar sobre dita parcela, aínda que sexa titular da mesma.


A alternativa 0 non resolve nin mellora a problemática derivada do PXOM actual.



Alternativa 0

Alternativa 1

A alternativa 1 constitúese como única alternativa posible para resolver adecuadamente a cualificación urbanística da parcela cedida ao Concello en base á coherencia interna do PXOM e conforme ao establecido pola Lei do solo de Galicia e o seu regulamento en relación aos equipamentos públicos.



Alternativa 1

Outras alternativas

Existen alternativas a alternativa 0 e á alternativa 1 pero son alternativas que poderían definirse como alternativas sen interese, como por exemplo, a de manter a cualificación de sistema local de equipamento á parcela cedida e, unicamente, modificar a súa titularidade, de privada a pública. Mesmo manter o uso administrativo. Porén, dada a escasa extensión superficial das parcelas dotacionais, semella mellor opción integrar as dúas nunha única parcela baixo a mesma cualificación de sistema xeral e uso común co obxectivo de facilitar a futura construción dun edificio dotacional por parte do Concello e mesmo racionalizar o investimento público.

4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN.

Unha vez entrase en vigor a presente modificación puntual o Concello poderá incorporar o conxunto ao seu patrimonio municipal do solo e proceder á agrupación rexistral das dúas parcelas para logo acometer a construción dun edificio dotacional en base ás determinacións normativas que dimanan do PXOM.

5.-CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO AMBIENTE ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN NO ÁMBITO TERRITORIAL AFECTADO.

A Vila da Caión sitúase nunha península no extremo norte do Concello da Laracha. É unha vila mariñeira dotada dun pequeno porto natural que motivou na antigüidade o asentamento primitivo. Hoxe ten algo máis de 800 habitantes e á súa condición de vila de pescadores xúntase á súa vocación turística estival, por mor do seu interese histórico e a proximidade dunha praia apreciada e moi concorrida no verán, as praias de Arnela e Salseiras.

O ámbito de actuación abrangue dúas parcelas dotacionais dentro da area de reparto en solo urbano non consolidado AR-C1, no Campo de Ínsua, no extremo norte da península de Caión. Ditos terreos coinciden co antigo enclave do campo de fútbol de Caión, hoxe demolido e os seus terreos explanados e dispostos para acoller a nova urbanización prevista polo Plan Xeral mediante unha sucesión de actuacións de desenvolvemento que resúmense na aprobación dun estudo de detalle, proxecto de urbanización e proxecto de equidistribución (ver Borrador do Plan). Na actualidade non están iniciadas as obras polo que o estado actual dos terreos é a dunha explanación. Máis aló dos confíns da AR-C1, os terreos están urbanizados e edificados. Existe un paseo marítimo que bordea o ámbito da AR-C1 polo norte. Trátase dun contexto urbano bastante condicionado polo medio físico e natural de bordo marítimo.

O ámbito de actuación desta modificación de planeamento está constituída por dúas parcelas:

Parcela 1

Parcela destinada a sistema local de equipamento privado de uso administrativo, con referencia catastral [1865905NH3916N](#) e superficie de 210 m². De xeometría rectangular, linda ao norte e oeste con sistema xeral de espazo libre, ao leste coa Parcela 2 e ao sur co viario de sistema xeral.

Parcela 2

Parcela destinada a sistema xeral de equipamento público de uso sanitario, con referencia catastral [865904NH3916N](#) e superficie de 210 m². De xeometría rectangular, linda ao norte e leste con sistema xeral de espazo libre, ao oeste coa Parcela 1 e ao sur co viario de sistema xeral.

Ambas parcelas atópanse sen edificar e non se perciben fisicamente.



6.- EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

Os efectos que a modificación de planeamento vai producir nas variables ambientais son moi específicos debido ao alcance do modificado, xa que o ámbito de actuación circunscríbese a unha área moi reducida de territorio urbano (420 m²). Mesmo o contido do modificado resulta ser moi específico e concreto en relación ao contexto normativo do solo urbano.

A variable social amosa ser a variable principal do proxecto, aínda que a súa incidencia non é determinante. Semella oportuno considerar que a modificación vai dar seguridade xurídica ás futuras actuacións dotacionais e o resultado terá unha positiva repercusión social xa que o Concello da Laracha estará en disposición de acometer a construción dun edificio dotacional.

7. EFECTOS SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCURRENTES.

Directrices de Ordenación do Territorio

Considerase que a modificación puntual que se presenta non interfere negativamente coas determinacións das DOT, as cales avogan polo reforzo das estruturas urbanas mediante a implantación de dotacións públicas e a prestación de servizos.

A vila de Caión está considerado Núcleo de Identidade do Litoral.

Plan de Ordenación do Litoral

O ámbito da modificación puntual está afectado polo POL. En relación ao Modelo Territorial os terreos atópanse en "*mellora ambiental e paisaxística*" e "*espazos de interese*". Porén, en canto ao Modelo de Xestión os terreos están excluídos do ámbito de aplicación do POL xa que contan con planeamento xeral aprobado.

Dado que a AR-C1 foi desenvolvida antes da aprobación definitiva do POL, a ordenación contida no PXOM e no estudo de detalle foi validada.

Outros plans sectoriais concurrentes

Os seguintes plans sectoriais foron analizados a fin de detectar posibles interferencias entre as súas disposicións e a planificación proposta, mais dado o escaso alcance da modificación que se introduce e tratándose dun ámbito pertencente a solo urbano, non se atopan afeccións en ditos instrumentos de planeamento.

Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia
Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2010-2015 (Plan Move)
Plan hidrolóxico Galicia-costa
Plan sectorial hidroeléctrico das concas hidrográficas de Galicia-Costa
LAT 220 kV Mesón-Vimianzo
PS de distribución de gas natural Eixe Bergantiños
Parque empresarial da Laracha
Plan sectorial eólico
Parque eólico Pedrarrubia
Parque eólico Monteagudo
Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (2010-2020)
Plan de saneamento de Galicia (2010-2015)
Plan Auga (2010-2025)
Plan territorial de emerxencia de Galicia 2009
Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL

8.- MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVENIR, REDUCIR OU CORRIXIR EFECTOS NEGATIVOS DA APLICACIÓN DO PLAN

Dado o alcance e contido da modificación puntual e, considerando que a ordenación non supón afeccións ao medio ambiente, salvo os indicados de tipo social que se consideran positivos, non se contemplan medidas.

9.- MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Considérase que a planificación proposta nesta modificación puntual de planeamento urbanístico ten unha incidencia mínima no medio ambiente e na sustentabilidade:


- O seu desenvolvemento non require de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental.
- Non afecta a espazos naturais protexidos pola lexislación de conservación da natureza.

Segundo o disposto na *Ley 21/2013 de 21 de decembro de Evaluación Ambiental*, unha planificación destas características encaixa no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

10.-MEDIDAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN

O Plan non require de medidas de seguimento.

ABRIL DE 2017
OS ARQUITECTOS,



Asdo.: Ángel Luís Monteoliva Díaz.



Asdo.: Silvana Lema Castiñeira



Asdo.: Iñigo de Miranda Osset